



## **CIRCULAR 84-2018** **CAMPIONATO DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS**

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1)** A F.G.A. organiza o Campionato de Galicia de Probas Combinadas que terá lugar nas Pistas de atletismo de Calabagueiros en O Barco de Valdeorras o sábado 27 de xullo en horario de mañá e de tarde e o 28 de xullo en horario de mañá.

**Art.2)** Poderán intervir todos aqueles/as atletas das categorías Sub 16 en adiante incluíndo máster, situados/as 8 primeiros/as do ranking galego e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

\* Segundo acordo de Asemblea os/as atletas estranxeiros/as maiores de 18 anos que non estean nacionalizados/as en España non poderán optar ós podios nos Campionatos de Galicia

\*Segundo acordo da Asemblea nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 23 de xullo do 2019**. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

**Art.4)** ) Os/As tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato (agás a categoría Senior), sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiación. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Art.5)** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, agás a pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



## CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.6)** Horario provisional (o definitivo publicárase co listado de inscritos)

<b>HORARIO PROVISIONAL</b>				
<b>XORNADA DE MAÑÁ SÁBADO 27 DE XULLO</b>				
<b>HOMES</b>		<b>HORA</b>	<b>MULLERES</b>	
		11:30	100v (0,76)	Sub 16/Sub 18
		11:40	100v (0,84)	Sub 20/Sub 23/Sn
		11:50	Vallas cortas	Master
100	Octathlon	12:00		
100	Decathlon	12:10		
100	control	12:20	100	control
		12:15	Altura	
Peso	Octathlon	12:30		
Lonxitude	Decathlon	12:40		
<b>XORNADA DE TARDE SÁBADO 27 DE XULLO</b>				
<b>HOMES</b>		<b>HORA</b>	<b>MULLERES</b>	
Altura	Octathlon	17:15		
Peso	Decathlon			
		18:00	Peso	
Altura	Decathlon	18:30		
Disco	Octathlon			
		19:15	200	Sub 18/Sub 20/Sub 23/Sn/Máster
400	Decathlon	19:30		
<b>XORNADA DE MAÑÁ DOMINGO 28 DE XULLO</b>				
<b>HOMES</b>		<b>HORA</b>	<b>MULLERES</b>	
100v (0,91)	Sub 16	9:50		
110 v (0,91)	Sub 18	10:00	Lonxitude	
110v (0,99)	Sub 20	10:10		
110v (1,06)	Sub 23/Sn/Máster	10:15		
110 mv	control	10:25	100 mv	control
Pértega	Octathlon	10:25		
Disco	Decathlon	10:50		
		11:20	Xavelina	
Pértega	Decathlon	10:40		
Xavalina	Octathlon	12:00		
		12:30	600	Sub 16
		12:40	800	Sub 18/ Sub 20/Sub 23/Master
Xavalina	Decathlon	12:50		
1.000	Octathlon	13:00		
1.500	Decathlon	13:30		



## **CIRCULAR**

Complejo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.7)** A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:, aprobadas pola Asemblea Xeral da FGA.

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no
- Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa
- xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€ por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3€. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.8)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, 12 de xullo de 2019



Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral Federación Galega de Atletismo**